



**ASUNTO: DESESTIMACION RECURSO DE ALZADA DE DON FERNANDO VARELA FERNANDEZ CONTRA A LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS DO PROCESO SELECTIVO DUN OFICIAL ELECTRICISTA (DEPUEMPREGO)**

Vistos:

- O escrito presentado por don Fernando Varela Fernández o 24/10/2018 con RE 16975.
- A acta do tribunal cualificador de data 26 de outubro do 2018 na que o Tribunal informa o recurso presentado por don Fernando Varela Fernández contra a lista definitiva de admitidos e excluídos no proceso selectivo, nos seguintes termos:

*“Primeiro.- Aberta a sesión polo Sr. Presidente, procedese a dar conta ó tribunal do recurso plantexado polo aspirante don Fernando Varela Fernández o 26/10/2018 con RE 16975.*

*Unha vez indicado isto, debemos ter en conta que conforme ós artigos 121 e 122 da vixente Lei 39/2015 do procedemento administrativo común, é, á vista do disposto polo artigo 115.2 da mesma norma, ó dispoñer que o erro na ou a ausencia da calificación do recurso por parte do recorrente non será obstáculo para a súa tramitación, sempre que se deduza o seu verdadeiro carácter, sitúanos ante a debida tramitación dun recurso de alzada fronte ó acordo do tribunal relativo á proposta de lista definitiva de admitidos e excluídos no proceso e valoración da fase de concurso en acta de data 19/10/2018 que debe resolver o alcalde.*

*Máxime cando ó recorrente ó solicitar resposta do seu escrito dirixido ó Alcalde Presidente non pode estar a solicitar outra cousa.*

*Segundo.- Así mesmo o artigo 118.2 da Lei 39/2015 indícanos que, de existir outros interesados, débese dar traslado do recurso a estes concedéndolles un prazo de alegacións de ó menos dez días hábiles.*

*Resultando claro neste caso que existen outros interesados no recurso, concretamente, os outros tres aspirantes que concorreron ó mesmo.*

*Polo que para garantir os seus dereitos seralles notificado a estes a interposición do recurso que nos ocupa concedéndolles un prazo de 10 días hábiles, para que si é o seu desexo, poidan formular as alegacións que estimen oportunas ó respecto.*

*Terceiro.- Continuando co asunto debemos salientar que o artigo 121.2 da Lei 39/2015 obriga a este Tribunal a remitir a alcaldía unha copia do expediente e o informe ó respecto do recurso de alzada que nos ocupa nun prazo de dez días dende o seguinte o da súa presentación polo que, para dar cumprimento a esta obriga este Tribunal remite neste acto informe respecto as alegacións que fundamentan o recurso de alzada que nos ocupa, e, posteriormente, de recibirse alegacións dalgún interesado, remitirá informe das mesmas.*

*Cuarto.- Deixando a un lado as “floriturais verbais” e as acusacións non probadas contra a corrección e legalidade do proceso selectivo, en síntese o recorrente alega:*

*Que as bases da convocatoria non esixen a presentación do DNI.*

*O respecto o tribunal informa que a esixencia da presentar copia do DNI en vigor figura no artigo 6 das bases que rexen á convocatoria dedicado as solicitudes, cuxo texto se reproduce literalmente a continuación:*

*“ARTIGO 6. – SOLICITUDES As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas convocadas deberán facelo mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde do Concello de Monforte de Lemos. A instancia deberá de conter, polo menos, os datos persoais do solicitante coa súa dirección, a denominación da praza, achegando fotocopia do DNI en vigor, e copia compulsada da documentación acreditativa dos méritos alegados. Os méritos non xustificados na documentación que se achega á instancia solicitando tomar parte no concurso-oposición non serán tidos en conta.”*





*O agora recorrente non aportou copia do seu DNI xunto á súa solicitude de participación no proceso selectivo nin subsanou dita falta dentro do prazo concedido ó efecto na aprobación da lista provisional de admitidos e excluídos que foi publicada conforme ó disposto nas bases.*

*Polo que procede propor a alcaldía a desestimación do recurso interposto.*

*Quinto.- Polo exposto o Tribunal acorda:*

*1º.- Notificar a interposición do recurso con copia do mesmo os restantes aspirantes que presentaron solicitude de participación no proceso selectivo concedéndolles un prazo de alegacións de 10 días hábiles.*

*2º.- Remitir copia desta acta a Alcaldía pois nela contense o informe do Tribunal respecto as alegacións que fundamentan o recurso de alzada que nos ocupa, e, posteriormente, de recibirse alegacións dalgún interesado, remitir informe das mesmas"*

*.- A dilixencia da secretaria do tribunal indicando que o día 19 de novembro de 2018 non tiveran entrada alegacións dos restantes aspirantes en relación o recurso que nos ocupa.*

## RESOLVO

Primeiro.- Desestimar o Recurso de Alzada interposto por don Fernando Varela Fernández, presentado o 26/10/2018 con RE 16975 contra a lista definitiva de admitidos e excluídos no proceso selectivo DUN OFICIAL ELECTRICISTA PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO DA EXCELENTISIMA DEPUTACIÓN DE LUGO, polo motivos expostos.

Segundo.- Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello e notificar a mesma ós interesados e informarles que contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá o interesado interpor recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ó da recepción da presente notificación.

MONFORTE DE LEMOS, data da sinatura do Sr. Alcalde  
Ordena e asina o Sr. Alcalde  
Certifica e asina o Sr. Secretario

